

O Rexurdimento. Os anos 80 do oitocentos.

Economía

- 1880 O Real Decreto ditado por Álvarez Bugallal determina a Galicia como rexión foral (ao igual que a Aragón, Baleares, Cataluña, Navarra e o País Vasco).
Comeza a circular o primeiro tranvía de Galicia entre Verín e o manancial de Cabreiroá.
- 1883 O tren A Coruña-Madrid comeza a circular.
- 1886 Inaugúrase a Ponte Internacional Tui-Valença, que substitúe as barcazas para cruzar o Miño.

Cultura

- 1884 Marcial Valladares: *Diccionario gallego – castellano* (con 11.000 entradas).
- 1885 Fúndase na Habana *A gaita gallega*, primeira publicación monolingüe na emigración.
Falece Rosalía de Castro.
Murguía é nomeado Cronista Xeral do Reino.
Na segunda parte da década consolídase o xornalismo monolingüe coa aparición de novas iniciativas como *O Galiciano* en Pontevedra e *A Monteira* en Lugo. *O Tío Marcos da Portela*, semanario de salientábel éxito fundado en 1876, manteríase durante toda esta década.
- 1886 Murguía publica a obra *Los precursores*.
Antonio De la Iglesia dá ao prelo *El idioma gallego*, ensaio e antoloxía da literatura galega.
Aparece en Santiago de Compostela o xornal *La Región Gallega*, dirixido por Manuel Murguía. Confórmase ao seu redor o pensamento rexionalista galego, ideoloxicamente diverso e estreitamente ligado á produción cultural. En 1890 fundaríase a *Asociación Regionalista Gallega*, primeiro partido político galeguista.
- 1887 González Besada: *Historia crítica de la literatura gallega*. Establece xa o criterio filolóxico e atende a literatura medieval coñecida.
Rexístrase neste ano un 75% de analfabetismo no caso dos homes e un 89% entre as mulleres. O 85% da poboación era galegofalante. Porén, a gran maioría da burguesía ilustrada non empregaba o galego nin na fala nin na escrita.
- 1889 Alfredo Brañas publica *El regionalismo*, que será obra de referencia en Galicia e en Cataluña. En todo caso, a lectura histórica e política dominante no Rexurdimento será a de Murguía, que sostén que o futuro do país pasa polo progreso e non pola volta ao pasado.

Literatura

- 1880 Rosalía de Castro: *Follas Novas*.
Curros Enríquez: *Aires da miña terra*.
Lamas Carvajal: *Saudades gallegas*.
Marcial Valladares: *Maxina ou a filla espúrea* (novela publicada por entregas; inaugura a narrativa galega moderna, mais realmente é bilingüe: a clase alta usa o castelán).
- 1882 Francisco María de la Iglesia: *A fonte do xuramento* (1ª obra teatral culta representada en galego)
- 1886 Eduardo Pondal: *Queixumes dos pinos*.
- 1887 Lamas Carvajal: *Gallegada* (narrativa curta).
- 1888 Curros Enríquez: *O divino sainete* (considérase a obra que pecha o Rexurdimento pleno).
- 1889 Lamas Carvajal: *Catecismo do labrego* (prosa, parodia do Catecismo do Padre Astete).